

EDUCACIÓN PRIMARIA

MÚSICA
Programación

Área de Educación Musical

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA O 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

OBXECTIVOS XERAIS DO BLOQUE

Traballa-la entoación, o pulso, o acento, a lateralidade, o vocabulario, a vocalización, a dramatización e a memorización de textos.

PROCEDEMENTOS XERAIS

Facer xestos sempre que o permita a letra da canción.

Desprazarse ó pulso pola clase.

Desprazarse dereita-esquerda en cada frase, marcando unhas referencias na clase.

Explica-las palabras que non entendan.

Axudarse con alturas relativas marcándoas coa man ó nivel das distintas partes do corpo.

Marca-las partes fortes con palmadas, pisadelas, etc.

Montar coreografías sinxelas.

Practica-lo oído interno.

Inventar novas letras.

Acompañar con instrumentos.

Entoar coa axuda do/a profesor/a cantando de forma natural, sen forzar.

ANOTACIÓN: Debemos tomar conciencia da importancia da música na educación. Ademais da importancia de coñecerla de seu, é un apoio para o desenvolvemento individual e social do/a neno/a, así como para o desenvolvemento psicomotriz, a escritura, a lectura, a vocalización, o vocabulario, a memorización de textos, etc., e axuda a reforza-las outras áreas ou materias, sempre e cando estruturémona-la programación por unidades temáticas e presentémo-las actividades coma un xogo (cando menos nos primeiros cursos da Educación Primaria), con moitas actividades orais, e con apoio visual.

UNIDADE 1: A ESCOLA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Hai un colexio*.

Outras cancións: *xogo*.

LINGUAXE MUSICAL: INICIACIÓN

O matiz.

Concepto de liña.

Nomes das notas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de pequena percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Rimas.

Adiviñas.

Divertimentos.

OBXECTIVOS

- escoitar con atención un conto, con posibilidades de dramatizalo.
- Entoar.
- Aprender a facer actividades de grupo con disciplina e unidade.
- Imprimir alegría ó comezo do curso.
- Dramatización.
- Fomentar un contacto físico cálido entre os/as alumnos/as e o/a mestre/a.
- Memorizar un texto.
- Traballa-lo pulso, vocabulario, lateralidade, vocalización dos textos.
- Coñece-los nomes dos/as alumnos/as.
- Traballa-la pregunta-resposta.
- Traballa-la atención
- Traballa-los conceptos de: agudo-grave.
- Pulso.
- Acento.
- Ritmo.
- Oído interno.
- Matiz.
- Velocidade.
- Articulación, silabeo e inflexión da voz (apoio á lectura)
- Vocabulario.
- Lateralidade.
- Baile.
- Conseguir silencio para escoitar, coma un xogo.
- Distingui-lo concepto forte-suave.
- Relaciona-las cores co matiz.
- Preparalos para introduci-lo pentagrama.
- Traballa-lo trazo da liña recta.
- Coñece-los nomes das notas musicais.
- Fomenta-la atención.
- Identificar visual e auditivamente os instrumentos.
- Manipula-los instrumentos na clase.

- Acompañar cancións sinxelas levando o pulso.

PROCEDEMENTOS

- escoita-lo conto gravado.
- Presenta-las actividades coma un xogo.
- Imitar ó/a profesor/a nas actividades propostas.
- Presenta-los conceptos coma un xogo moi variado, para que repitan memorizando e non se aburran.
- Dramatiza-las rimas moi esaxeradas para que as imiten.
- Dramatiza-los textos con formas opostas: Rápido-lento, ledos-tristes, agudo-grave, etc.
- Xogar a ser espías para conseguilo silencio para escoitar.
- Cantar coa axuda do/a profesor/a, sen berrar, co canto natural.
- Imita-lo canto (os/as alumnos/as imitan a forma de cantar do profesor/a).
- Realizar xestos acordes coa letra, e que tomen contacto entre eles coas mans.
- Cantar moi ledos.
- Repeti-la canción varias veces, con actividades diferentes, para memorizala.
- Desprazarse cara a esquerda ou cara a dereita ó pulso.
- Xogar con cancións nas que sexa necesario mencionar ós/ás nenos/as.
- Identificar sons mediante audicións como se fose un xogo.
- Clasificar sons en forte-suave.
- Colorea-los sons fortes con cores fortes e os suaves, con cores suaves.
- Repasar liñas agrupadas de cinco en cinco.
- Colorear camisetas, chanzos de escaleiras, etc. cos nomes das notas, empregando sete cores diferentes.
- Entoa-las notas coa axuda dun instrumento afinado, e os/as nenos/as que o fagan ó eco.
- Presentar na clase os instrumentos e tocalos en directo.
- escoita-lo seu son nunha gravación.
- Visualiza-los debuxos e repasa-los nomes e siluetas.

ACTITUDES

- escoitar en silencio
- Participar contentos e con disciplina nas actividades de movemento.
- Ir coordinados no grupo.
- Cantar sen berrar.
- escoitar con atención as indicacións do/a profesor/a.
- escoitar atentamente os sons gravados.
- Preguntar cando teñan dúbidas.
- Traballar con esmero nas fichas.
- Manipula-los instrumentos con respecto e disciplina.
- Collelos en boa postura.

UNIDADE 2: O CORPO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Este ollíño pimpilín*.

Outras cancións para traballar esta unidade.

LINGUAXE MUSICAL

Pulso.

Acento.

Duración.

Preparación ó pentagrama.

Repaso dos nomes das notas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de pequena percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical, rimas e cancións (en galego e castelán), adiviñas e divertimentos relacionados coa unidade.

OBXECTIVOS

- escoitar con atención un conto. Posibilidade de dramatizalo.
- coñecer-las partes do corpo.
- coñecer-las partes que temos “dobres” (orella dereita/esquerda).
- traballa-la lateralidade e o pulso.
- traballa-la escala de do a sol.
- acorde do-mi-sol.
- oído interno.
- movementos coordinados. Baile.
- silabea-las palabras.
- acentua-la sílaba tónica cun golpe.
- identificar sons e diferencialos en longos e curtos.
- traballar coa silueta da man e a súa similitude co pentagrama (liñas=dedos, e os espazos entre eles).
- recorda-los nomes das notas.
- recoñecer visual e auditivamente os instrumentos.
- aprender a manipularlos correctamente.
- toca-los instrumentos.

PROCEDEMENTOS

- sinalar ó pulso as partes do corpo da dereita e esquerda.
- preguntar ós/ás rapaces/as se coñecen máis partes “dobres” que non aparezan na canción.
- canta-la canción na parte correspondente á escala, axudándose coa man.
- dramatizar con xestos as accións que di a canción.
- eliminar palabras das cancións e substituílas polo xesto correspondente.
- face-los xestos ó pulso.
- moverse coa canción dereita/esquerda ó pulso.
- pedir-lles ós/ás alumnos/as que digan partes do corpo e ordenalas en columnas por número de sílabas. Despois palmealas (cada sílaba unha palmada).
- no acento, faise unha palmada máis forte.
- facer audicións de sons producidos polo corpo e de sons cotiáns, para despois clasificalos en longos e curtos.

- Debuxa-lo contorno da man e numera-los dedos como as liñas do pentagrama.
- Visualizar e repasa-los nomes das notas.
- Buscar nunha sopa de letras os nomes das notas. Despois escribilas.
- Levar á clase instrumentos da familia.
- Observar e escoitar como os toca o/a profesor/a.
- Tocar pequenos acompañamentos.
- escoitar audicións e observa-los debuxos.

ACTITUDES

- escoita-lo conto con atención.
- Cantar con interese, alegría e sen forza-la voz.
- Segui-lo modelo do/a profesor/a.
- Bailar con soltura.
- Face-las fichas con pulcritude e interese.
- Prestar atención ás audicións.
- Participar con interese nas actividades orais.
- Observar con atención cómo se tocan os instrumentos.
- escoitar con atención o seu son.

UNIDADE 3: O OUTONO

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co outono.

Cancións para traballa-lo pulso.

LINGUAXE MUSICAL

Elementos do son: duración.

Preparación para o pentagrama: concepto de espaciao e liña.

Nome das notas.

Rimas relacionadas co outono.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de pequena percusión.

AUDICIÓNS

Audición: *O outono* de **A. Vivaldi**.

MOVEMENTO E DANZA

Coreografía sobre a canción da unidade.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical

Divertimento, adiviñas...

OBXECTIVOS

- escoitar con atención o conto musical con posibilidade de dramatizalo.
- Entoar.
- Traballa-la lateralidade, o pulso, o movemento, etc.
- Bailar.
- Instrumentar con ritmos sinxelos.
- Traballa-los ostinatos.
- Coñece-lo nome das notas da escala, en orde ascendente e descendente.
- Coñecer visual e auditivamente os instrumentos de percusión de pel.
- Aprender a escoitar música.
- Relaciona-la plástica coa música.
- Dramatizar rimas e cancións en galego e castelán.
- Xogar coas cancións e rimas.
- Memorizar textos.

PROCEDEMENTOS

- Cantar con xestos.
- Ensina-la canción por frases.
- Desprazarnos dereita-esquerda por frases.
- Montar unha coreografía coa canción da unidade con pasos sinxelos.
- Practica-lo pulso pasándose a pelota, mentres cantan unha canción popular.
- Acompañar con instrumentos de percusión as cancións.
- Poñer audicións de sons para identificar e clasificar en longo-curto.
- Colorea-los espaciaos entre as rúas de atletismo ou entre os sucos dun arado, para capta-lo concepto de espaciao.
- Colorear coa mesma cor as notas musicais que teñan o mesmo nome, ordenadas na escala diatónica. Despois entoalas.
- Ensinar na clase os instrumentos de percusión. Tocalos e identificalos nas audicións repasando os debuxos e nomes.

- escoita-la audición de Vivaldi, pero desprazádonos no espacio, dramatizando con xestos, e axustádonos á forma.
- Colorear froitos do outono, mentres escoitan música.
- Aprende-las rimas e cancións xogando.

ACTITUDES

- Atende-las explicacións do/a profesor/a.
- Cantar con interese e sen forza-la voz.
- Escribir no caderno con pulcritude.
- Bailar con dición e desinhibición.
- Mostrar interese en memoriza-los textos das cancións outras rimas.
- Coida-los instrumentos.
- Toca-los instrumentos con disciplina, interese e boa técnica (segundo a idade)

UNIDADE 4: OS ANIMAIS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións populares relativas ó tema da unidade: *O lobo e os tres porquiños*.
Dramatización.

LINGUAXE MUSICAL

Concepto de liña e de espacio.
A duración do son e o timbre.
A altura do son.
Rimas e adiviñas relativas á unidade.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Coñece-los instrumentos de percusión.
Instrumentacións.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Divertimentos sobre nomes dos animais (pais e fillos).
Coreografías coas cancións.
Xogos musicais.

OBXECTIVOS

- escoitar con atención un conto musical e dramatizalo.
- relacionar un conto coa canción.
- manter a atención do grupo.
- entoar coa axuda do/a profesor/a ou dunha gravación.
- debuxar escenas relativas á letra da canción.
- dramatizar.
- bailar.
- distinguir entre liña e espacio, como preparación ó pentagrama.
- distinguir timbres de sons cotiáns e duracións.
- diferenciar alturas.
- traballar-los animais domésticos, de granxa, salvaxes...
- coñecer-lo nome dos animais adultos e das crías.

PROCEDEMENTOS

- escoita-lo conto dos tres porquiños e despois canta-la canción entoando, coa axuda do/a profesor/a.
- debuxa-las escenas relacionadas co texto da canción.
- dramatizar con xestos as cancións.
- montar unha coreografía coas cancións.
- colorear-los debuxos situados nas liñas ou nos espazos do pentagrama.
- poñer audicións de sons de animais e recoñecerlos.
- identificar-los instrumentos visual e auditivamente.
- diferenciar-los sons en duración e altura.
- facer columnas de animais domésticos, salvaxes, etc., palmealos; ou ben incorporalos a outras cancións populares.
- facer unha columna co nome dos animais adultos e das crías e incorporalos a unha canción ou xogo.
- acompañar-las cancións con instrumentos de pequena percusión.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Participar activamente nas actividades propostas.
- escoita-las audicións en silencio.
- Traballa-las fichas con pulcritude e interese.
- Dramatizar con xestos as cancións (con naturalidade e dición).
- Respecta-la quenda nas intervencións orais.

UNIDADE 5: O NADAL

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Panxoliñas galegas e doutras comunidades: *Cantade mociños*.

OUTRAS ACTIVIDADES

Dramatización dun conto musical.
Relaciona-la música coa plástica.
Rima, romance e adiviña.
Panxoliña dramatizada en castelán.

LINGUAXE MUSICAL

Timbres de sons propios do nadal.
Altura dos sons.
Nome das notas musicais.
Concepto de liñas e espacios.

OBXECTIVOS

- escoitar con atención o conto e dramatizalo.
- Entoar.
- Coñecer panxoliñas propias do noso folclore e doutras culturas.
- Dramatizar un conto musical.
- Bailar.
- Identificación auditiva e visual dos sons.
- Clasifica-los sons en agudo/grave.
- Traballa-lo concepto de liña e espacio.
- Repasa-los nomes das notas.

PROCEDEMENTOS

- Cantar varias panxoliñas coa axuda do/a profesor/a.
- Compara-lo noso folclore con vilancicos doutras comunidades e países.
- Representar un conto de nadal no que se cante e baile.
- Identificar mediante audicións os timbres e a altura dos sons propostos.
- Montar unha coreografía coas cancións.
- Completar un Belén.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz.
- Participar con ilusión na dramatización do Nadal.
- escoitar atentamente as audicións.
- Escribir con pulcritude nas fichas.

UNIDADE 6: OS ALIMENTOS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relativas á unidade: *Popurrí*.

Outras cancións: *Canon*.

LINGUAXE MUSICAL

Concepto de liña e espacio (repaso).

Silabeo con palmadas.

Rimas e adiviñas.

Repaso dos nomes das notas.

Presentación do pentagrama.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Discrimina-los instrumentos de percusión madeira e metal.

Instrumenta-las cancións con pequena percusión.

Construír instrumentos con material de reciclaxe.

OUTRAS ACTIVIDADES

Pasatempos.

Conto musical.

Coreografías.

Rimas e adiviñas.

Dramatización.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Introducir un canon.
- Instrumenta-las cancións.
- Traballa-lo pulso e o acento.
- Fabricar instrumentos con materiais de reciclaxe, recheos de cousas comestibles.
- Memorización de textos, rimas e cancións.
- Silabear alimentos e palmealos.
- Traballa-los nomes dos alimentos que se comen coa culler ou co garfo.
- Coñece-lo pentagrama.

PROCEDEMENTOS

- Cantar coa axuda do/a profesor/a.
- Intentar canta-lo canon a dúas voces, introducíndoo pouco a pouco.
- Tocar con pequena percusión ostanatos ó pulso ou levando o acento.
- Anotar en columnas alimentos clasificados por sílabas que dirán os/as nenos/as, e despois palmealos. Podemos probar a marcar máis forte na sílaba tónica para practica-lo acento.
- Presenta-lo pentagrama como a casa das notas cos seus pisos (liñas) e os seus descansos (espacios).
- Fabricar maracas con iogures, botes de bebidas e enchelos de arroz, alpiste, area... e proba-los diferentes sons que producen. Acompañar con eles as cancións.

ACTITUDES

- Cantar afinado e sen forza-la voz.
- Atende-las explicacións do/a profesor/a.

- Participar con interese nas intervencións individuais orais.
- Toca-los instrumentos con coidado e procurando ir ó pulso cos/coas compañeiros/as.
- Escribir nas fichas con pulcritude.

UNIDADE 7: O INVERNO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relativas á unidade: *Chove, chove*.
Outras cancións.

AUDICIÓNS

Audición: *Os cabalos refoflan (Viaxe en zorra)* de **Leopoldo Mozart**.
Audición: *O inverno* de **Vivaldi**.

DRAMATIZACIÓNS

Dramatización e movemento na canción da unidade e na audición.

LINGUAXE MUSICAL

Presentación da clave de sol.
Rimas.
Identificación dos sons propios da unidade.
Duración.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Clasificación de instrumentos de percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Coreografías.
Actividade de entroido.
Adiviñas.
Construcción dun móbil musical.

OBXECTIVOS

- Coñecer e debuxa-la clave de sol.
- Memorizar poesías e rimas relativas ó inverno.
- Entoar.
- Traballa-lo pulso e o acento. Traballa-la duración.
- Instrumenta-las cancións e audicións.
- Bailar.
- escoitar audicións relacionadas coa unidade.
- Aprender a escoita-la música culta.
- Coñecer auditiva e visualmente os instrumentos de pel.
- Construír un móbil con instrumentos de percusión.

PROCEDEMENTOS

- escoitar e recoñece-los sons de instrumentos de percusión de pel. Recortar e colorear instrumentos para montar un móbil.
- Canta-las cancións coa axuda do/a profesor/a.
- Cantar cada frase unha fila da clase.
- Instrumentar por quendas cada fila a súa frase, con percusión tocando ó acento na copla e ó pulso no retrouso.
- Montar unha coreografía sinxela.
- Facer audición activa dramatizando en silencio, con xestos.
- Facer audición activa seguindo un musicograma e instrumentándoo.
- escoitar un conto musical relacionado coa unidade.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz e afinado.
- Respecta-las quendas de intervención no canto e instrumentación por frases.
- Manipula-los instrumentos con coidado e ó ritmo.
- Ser disciplinados na montaxe da coreografía.
- escoita-la música con boa disposición.
- Dramatizar con soltura e con entusiasmo.

UNIDADE 8: A CASA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relativas á unidade: *A casiña de Farruco*.

Cancións relativas ó xogo.

MOVEMENTO E DANZA

Baile sobre a canción.

LINGUAXE MUSICAL

O pulso e o acento.

Introducción á escritura da negra.

Escritura da clave de sol.

Rimas.

Adiviñas.

Identificación de sons.

Duración dos sons.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Clasificación dos instrumentos de percusión.

Recoñece-los instrumentos visual e auditivamente.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Bailar coa canción.
- Fomenta-la unidade de grupo, a atención, a deportividade.
- Instrumenta-las cancións.
- Practica-lo pulso e o acento.
- Comezar a escribir plicas de negras. Traballa-la escritura da clave de sol.
- Traballa-los conceptos explicados na primeira unidade coas rimas.
- Dramatizar.
- Identificación auditiva de sons.
- Diferenciar sons longos e sons curtos.
- Discrimina-los instrumentos e clasificalos por familias.
- Coñece-las diferentes estancias da casa e o seu mobiliario.
- Debuxar instrumentos musicais.
- Xogar co ritmo.

PROCEDEMENTOS

- Cantar coa axuda do/a profesor/a.
- Montar unha coreografía coa canción.
- Facer xogos rítmicos que fomenten a atención e cancións relativas ó xogo entretidas, traballando as estancias da casa, o pulso, o acento...
- Traballa-las rimas como se indica na unidade 1ª.
- Traballar obxectos da casa mantendo un ostinato rítmico corporal.
- Dramatizar con xestos as cancións.
- Acompaña-las cancións con instrumentos de pequena percusión.
- Poñerlles audicións de sons e que identifiquen o timbre e a duración.
- Poñer unha gravación con secuencias continuas de sons e escribi-la plica da negra seguindo o pulso.
- Cantar unha canción, todos xuntos, sinala co lapis debuxos que se correspondan co pulso.

ACTITUDES

- Entoar con coidado, sen forzar, e seguindo a guía do/a profesor/a.
- Participar nos xogos con orde e entusiasmo, pero con deportividade.
- Dramatizar sen tensións, desinhibidos.
- Manipula-los instrumentos ben, con orde e levando o ritmo.

UNIDADE 9: A GRANXA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións referidas á unidade: *Pío, pío, pío*.

Outras cancións relativas á unidade.

Cancións: *xogo*.

LINGUAXE MUSICAL

Pulso, acento e ritmos sinxelos.

Xogos.

Sons de animais.

Altura do son.

Presentación da negra como figura musical.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.

Escoitar instrumentos de corda fretada, o clarinete e o piano.

AUDICIÓNS

Galo e galiñas de **C. Saint-Saëns**.

OBXECTIVOS

- Escoitar un conto musical. Pódese dramatizar.
- Aprende-las onomatopeas producidas polos animais.
- Aprender nomes de animais de granxa.
- Identifica-lo son que producen os animais e clasificalo en agudo-grave.
- Entoar cancións sobre animais de granxa.
- Clasifica-los instrumentos de percusión.
- Coñece-la negra como figura musical e debuxala.
- Coñece-las partes da figura.
- Dramatizar.
- Traballa-lo pulso e mailo acento.
- Traballa-lo matiz.
- Traballa-la atención e o sentido auditivo.
- Traballa-los conceptos indicados na unidade 1 coas rimas.
- Coñecer obras de música culta.
- Memorización de textos de cancións sinxelas.
- Escoitar instrumentos da orquestra.
- Coñece-los nomes das crías, femias e machos dos animais.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos cancións con onomatopeas de animais.
- Facemos cancións e rimas con animais.
- Escoitan audicións e clasifican e identifican os sons.
- Recortan e pegan os instrumentos, clasificándoos por familias.
- Debuxan cabezas e plicas de negra.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Acompañamos con instrumentos levando o pulso e o acento.
- Cantamos cancións de animais cambiando o matiz dos sons que producen e a altura.
- Facemos un xogo cun granxeiro e parellas de animais con música onde hai que atender para non perder.

- Escoitámo-la audición *Galos e galiñas*, dramatizándoa.
- Seguimos un musicograma dunha audición.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz.
- Escoiar audicións con atención e participación.
- Ser ordenados á hora de recortar e pegar, recollendo o material que cae no chan.
- Axudarse uns ós outros se temos alumnos/as lentos/as.
- Tocar con coidado e disciplina os instrumentos.
- Participar no xogo con alegría, pero con disciplina e deportividade.

UNIDADE 10: A RÚA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *Rock da miña rúa*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Sons para identificar e clasificar por alturas.
Rimas.
Pulso.
Nomes das notas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos para acompañar-las cancións.

DRAMATIZACIÓN

Dramatización das cancións, rimas...

MOVEMENTO E DANZA

Baile sobre a canción.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Pasatempo.
Xogos musicais e cancións-xogo.
Adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Bailar coas cancións.
- Leva-lo pulso co corpo.
- Traballa-la educación vial como transversal.
- Enche-os vermes debuxados cos nomes das notas que faltan na escala.
- Instrumentar cancións.
- Relacionar un instrumento coa familia.
- Dramatizar cancións e rimas.
- Montar unha coreografía.
- Aprender a xogar con cancións.
- Memorizar textos.

PROCEDEMENTOS

- Entoar coa axuda do/a profesor/a.
- Montar unha coreografía da canción.
- Facer xestos ó pulso coas rimas e cancións.
- Cantar unha canción sobre a rúa e os semáforos que se poida dramatizar.
- Practica-lo nome das notas ordenadas na escala, completando os vermes.
- Dramatizar con xestos as rimas e cancións.
- Preparar uns pasos de baile sinxelos a ritmo de rock, adaptados á súa idade.
- Cantar cancións populares facendo xogos nos que hai movemento.

ACTITUDES

- Entoar con coidado, con voz natural, sen forzar.
- Bailar unha canción con alegría e dispoñibilidade.
- Dramatiza-las cancións con interese e naturalidade.

- Aprende-las rimas e textos de cancións con interese.
- Participar nas actividades orais con espontaneidade e respectando as quendas de intervención.
- Respecta-las quendas nos xogos.

UNIDADE 11: A PRIMAVERA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións referidas á unidade: *Cu, cu*.

AUDICIÓNS

A primavera de **Vivaldi** (1º movemento. Musicograma).

LINGUAXE MUSICAL

Sons agradables e desagradables.

Timbres.

As corcheas. Partes da figura.

Ritmo con negras e corcheas.

Relación entre o ritmo e a linguaxe falada.

Introducción ós compases.

Adiviñas.

Xogos rítmicos.

Pulso.

MOVEMENTO E DANZA

Coreografía sobre a canción.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Xogos rítmicos.

Coreografía.

Dramatización.

OBXECTIVOS

- Fomenta-la escoita.
- Entoar.
- Identificar sons de instrumentos de percusión.
- Identificar sons e clasificalos por preferencia.
- Distiguir ritmos de negra e de corcheas.
- Saber relaciona-los ritmos de negra e de corcheas con palabras monosílabas e bisílabas.
- Bailar e dramatizar cancións.
- Completar compases de dous pulsos con negras e corcheas.
- Marca-lo pulso a un ritmo sinxelo.
- Desprazarse polo espacio a ritmo de negras e corcheas.
- Tocar estes ritmos con instrumentos de percusión.
- Instrumentar cancións.
- Seguir un musicograma e dramatizar.

PROCEDEMENTOS

- Escoita-lo conto musical.
- Canta-las cancións coa axuda do/a profesor/a.
- Cantar cancións nas que se citen os dedos das mans mentres os rapaces os sinalen.

- Palmear ritmos de negras e corcheas con fichas elaboradas polo profesor. Despois tocalos con instrumentos.
- Identificar instrumentos visual e auditivamente.
- Marca-lo pulso co pé mentres palmean ritmos sinxelos.
- Xogar a ser autobuses que se desprazan cada un con diferentes pulsos: de negra ou de corchea.
- Seguir unha audición cun musicograma e despois dramatizala.

ACTITUDES

- Entoar con voz natural.
- Xogar con disciplina e respectando a quenda.
- Tocar e palmear procurando segui-la velocidade do pulso que marcamos.
- Realiza-las fichas con pulcritude.
- escoitar en silencio e con atención a música.

UNIDADE 12: OS AMIGOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións referidas á unidade: *Teño cinco amigos*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Xogos rítmicos e de atención sobre a natureza.
Ritmograma.
Introducción ós compases.
O silencio de negra.
Ritmos de negra, silencio de negra e corcheas.
Relacionar ritmos con palabras.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

O piano.
Tocar instrumentos de pequena percusión coa canción e rimas.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Dramatizar cancións.
Bailar.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- escoitar música culta.
- Xogar aprendendo nomes de plantas, animais...
- Relacionar uns debuxos cun ritmo determinado.
- Completar compases binarios.
- Introduci-lo silencio de negra.
- Coñece-lo piano.

PROCEDEMENTOS

- Facer coreografías coas cancións.
- Canta-las cancións coa axuda do/a profesor/a.
- escoita-la *Primavera* de Vivaldi dramatizándoa e seguindo un musicograma.
- Xogar a dicir nomes de cousas levando un ostinato rítmico coas mans, sen perde-lo pulso.
- Completar vagóns de dous pulsos con negras, corcheas e silencio de negra.
- Xogos con tarxetas rítmicas coas dificultades coñecidas.
- Completa-los ritmos dos ritmogramas e depois xogar a adiviñar cál palmeamos.
- Dramatizar cancións con xestos.

ACTITUDES

- Entoar coa voz natural.
- Prestar atención ós ritmogramas, coidando a escritura.
- Participar con interese e disciplina nos xogos.
- escoitar en silencio as audicións, dramatizándoa con interese.

UNIDADE 13: AS PLANTAS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *A margarida branca*.

LINGUAXE MUSICAL

Ritmogramas.

Xogos rítmicos.

Pulso, ritmo e linguaxe.

Introducción das notas mi e sol.

Divertimentos sobre a unidade.

Oído interno.

Dictado rítmico.

MOVEMENTO E DANZA

Baile: coreografía coa canción da unidade.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Rima con pictograma.

Dramatización.

Instrumentacións.

Adiviña e trabalinguas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Relaciona-los debuxos con esquemas rítmicos. Despois, xogar con eles.
- Bailar coa canción.
- Practica-lo silencio.
- Practicar esquemas rítmicos.
- Tocar ritmos con instrumentos.
- Coñece-las notas mi e sol no pentagrama.
- Repasa-los nomes das partes da planta.
- Memorizar un trabalinguas axudados de xestos.
- Memorizar textos.
- Dramatizar con xestos.
- Relaciona-lo ritmo con palabras escritas.

PROCEDEMENTOS

- Canta-las cancións coa axuda do/a profesor/a.
- Escribir debaixo de cada debuxo o esquema rítmico correspondente. Despois xogar a adiviñar cál palmeamos.
- Instrumentar cancións con pequena percusión.
- Montar unha coreografía coa canción.
- Escribir un esquema rítmico no encerado con silencios de negra intercalados. Xogar a substituílos por xestos.
- Colorear nun debuxo as cabezas situadas na liña do mi e do sol.
- Tocar ritmos cos instrumentos e acompaña-las cancións con eles.

ACTITUDES

- Cantar con voz afinada e sen forzala.
- Participar nos bailes con interese e intentando facelo ben.
- Realiza-las fichas con pulcritude e interese.
- Toca-los instrumentos con coidado e ó ritmo.
- Dramatizar con soltura e interese.

UNIDADE 14: O BOSQUE

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *Tres hojitas madre*.

Outras cancións.

DRAMATIZACIÓN

Dramatización de rimas e cancións.

Rimas dramatizadas.

LINGUAXE MUSICAL

Compás.

Pulso.

Acento.

Ritmo. Ritmogramas, rimas.

Dictado rítmico.

Repaso da clave de sol e escritura (plicas)

Dictado rítmico. Notas sol e mi.

AUDICIÓNS

Audicións sobre a unidade: *O xardín das delicias. Escenas do bosque*.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Traballa-lo acento do compás e o acento oral.
- Dramatizar rimas e cancións con xestos.
- Recoñecer un ritmo oralmente.
- Repaso do mi e do sol.
- Escribir ritmos.
- escoitar música culta.
- Facer ritmogramas.
- Relaciona-la linguaxe co ritmo.

PROCEDEMENTOS

- Cantar coa axuda do/a profesor/a.
- Escribi-los acentos nos compases binarios, coa axuda de palabras graves.
- Dramatizar rimas desprazándose pola clase ó pulso.
- Ensinarlles a respirar intentando que sexa o máis próximo á respiración diafragmática.
- Repaso da clave de sol.
- Colorear debuxos na primeira e segunda liña do pentagrama.
- escoitar audicións de forma activa.
- Palmear esquemas rítmicos e a continuación facer un dictado rítmico.
- Completar ritmogramas.
- Repasar plicas.
- Entoa-las notas sol e mi.

ACTITUDES

- Entoar con voz natural e afinada.
- Dramatizar con interese e disciplina.
- Face-las fichas con pulcritude e interese.
- escoitar en silencio as audicións, realizando as tarefas que indique o/a profesor/a.

UNIDADE 15: OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *Ring, ring*.
Medios de comunicación.

LINGUAXE MUSICAL

Timbres
Sons fortes e suaves.
Compases con ritmos de negra, corcheas e silencio de negra.
Notas mi e sol.
Clave de sol.
Concepto de liñas divisorias.
Representación gráfica dunha canción.
Adiviñas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Repaso de instrumentos.
Instrumentar.

MOVEMENTO E DANZA

Baile sobre a canción da unidade.

DRAMATIZACIÓN

Dramatización musical de cancións, audición, rimas...

AUDICIÓN

Marcha militar, con musicograma, de **J.P. Sousa**.

OUTRAS ACTIVIDADES

Pasatempo.
Dados musicais.
Conto musical.

OBXECTIVOS

- Xogar co ritmo.
- Entoar.
- Traballa-los medios de comunicación.
- Traballa-la pregunta-resposta.
- Bailar coas cancións.
- Completar compases e colocar liñas divisorias.
- Coñece-la escritura no pentagrama das notas mi e sol.
- Facer un dictado melódico.
- Repasa-lo ritmo mediante xogos.
- Dramatizar un conto musical.
- Traballa-la forma musical.
- Instrumentar unha audición.

PROCEDEMENTOS

- Cantar coa axuda do/a profesor/a.
- Uns alumnos cantan a pregunta e o resto canta a resposta.
- Montar unha coreografía coa canción da unidade.
- Colocar liñas divisorias como se fosen paredes dun vagón.

- escoitar unha marcha seguindo o musicograma, desfilando e instrumentando os diferentes temas.
- entoar sol e mi e despois facer un dictado melódico.
- xogar con tarxetas rítmicas.
- facer unha representación fin de curso con diálogos curtos, cancións e bailes.
- construír un dado musical e xogar con el.

ACTITUDES

- entoar con voz afinada e natural.
- bailar con ritmo e axustándose á montaxe da coreografía.
- face-las fichas do libro con pulcritude e interese.
- xogar con interese e disciplina, respectando a quenda.
- escoitar con atención os dictados musicais.
- participar con interese e ilusión na representación do conto musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

Canto colectivo.
Adaptación ó grupo.
Interese pola materia.
Sentido do pulso.
Capacidade de comprensión no traballo escrito.
Sentido rítmico no baile.
Sentido auditivo na discriminación de sons.

SEGUNDO TRIMESTRE

Canto colectivo.
Sentido do pulso.
Participación nas actividades.
Capacidade de atención.
Sentido rítmico no baile.
Instrumentación.
Sentido auditivo nas audicións.
Nivel de expresión nas dramatizacións.

TERCEIRO TRIMESTRE

Canto colectivo e individual.
Sentido do pulso, do acento e do ritmo.
Prescritura musical.
Capacidade auditiva.
Sentido rítmico no baile.
Expresión e coñecemento instrumental.
Actitude e interese pola área ou materia.